

Nome da parroquia: Tenorio (San Pedro)**Código: 11***Delimitación:*

A parroquia de San Pedro de Tenorio localízase ao oeste do Concello de Cotobade, delimitada por Bosques (Campo Lameiro) e Viascón ao norte, Almofrei e Borela o sur, Viascón, Rebordelo e Borela ao este, e San Andrés de Xeve ao oeste.

Estrutura territorial

Esta parroquia é de tamaño grande e forma alongada, de norte a sur, sendo máis estreita na zona norte, e máis ancha na parte central na zona limítrofe coa parroquia de Borela.

En canto as pendentes, varían de moderadas a pronunciadas ao longo da parroquia oscilando entre os 100 e os 300 metros de altitude, sendo máis suaves nas zonas centrais da parroquia e máis pronunciadas nas zonas situadas máis cara os extremos norte e sur.

O río Tenorio é o curso de auga máis relevante da parroquia, trátase dun río de curto tamaño pertencente á vertente atlántica que nace no Monte Tenorio, a 520 metros de altitude, cun recorrido de 6 quilómetros, nos que recibe as augas do regato dos Petos e remata desembocando como afluente do río Lérez. O río Lérez bordea a parroquia, servindo como fronteira coa parroquia de San Andrés de Xeve do concello de Pontevedra, polo oeste.

Xerarquía dos asentamentos

A parroquia de Tenorio está composta por quince núcleos de poboación recoñecidos: Barro, Calvelo, O Castro, Covas, A Laxe, Lérez, Parada, Rascadería, O Río Tenorio, A Torre Vella, Tralasmós, Vilanova e Zamar, asentados no cuadrante oeste do concello e comunicados principalmente pola estrada nacional N-541 e as estradas EP-0406 e PO-233. A vía máis importante é a Nacional N-541 que recorre a parroquia de suroeste a nordeste trazando unha diagonal ao longo do territorio. Esta vía é ampla con zonas de dobre carril cun firme en bo estado. Cabe destacar tamén a estrada PO-0406 que une os núcleos de poboación da parroquia da zona sur cos do norte, enlazando Vilanova, ao sur da parroquia, cos núcleos de Lérez, Covas, Tralasmós, A Laxe e Barro. Desta estrada parten pequenos camiños, estreitos e cun piso antigo en xeral, que comunican cos lugares máis afastados.

Se nos fixamos no tamaño e o número de vivendas dos núcleos tradicionais podemos dicir que destacan polo gran tamaño Calvelo, Covas, Parada ou Lérez. Por outra banda destacan os lugares de A Cal e Zamar que pasan por ser os máis pequenos da parroquia e que contan con soamente seis vivendas cada un. Os demais núcleos teñen un tamaño mediano.

En canto á súa organización, podemos distinguir dous modelos: un primeiro que se asenta sobre un camiño que se adapta á topografía evitando as fortes pendentes e dá como resultado un núcleo alongado e, en xeral, pouco compacto, e un segundo modelo de forma circular ou similar e que soe posuír un elemento central, que pode ser un espazo ou simplemente un cruzamento, sendo as máis

das veces lugares compactos e cos límites claros. Exemplos do primeiro serían os núcleos de Barro, Traslamos, Lérez e Covas e do segundo Vilanova.

Obsérvanse dúas formas de crecemento dos núcleos: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas.

As zonas da parroquia nas que se construíu un maior número de vivendas novas aparecen ao redor da estrada N-541, que percorre gran parte da parroquia, e en maior medida no conxunto de núcleos agrupados ao noroeste da parroquia, onde se sitúan varios equipamentos municipais como un centro de saúde, un pavillón municipal, o CEIP de Tenorio ou o IES de Cotobade. Esta zona presenta o incremento máis acusado no número de vivendas novas en todo o concello.

A maior parte destas vivendas novas construídas na parroquia non están ligadas ao desenvolvemento de actividades agro-gandeiras, senón que teñen unha función estritamente residencial.

O parcelario da parroquia soe ser de pequeno ou medio tamaño e forma irregular, nos trece núcleos de poboación. Na periferia o parcelario móstrase dunha maneira moito máis heteroxénea, variando moito tanto en tamaño como en forma. A ocupación nos núcleos tradicionais é case do 100% polas vivendas e os auxiliares. Na periferia é moi variable coas construcións próximas os camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, piscinas etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas etc.

Clasificación dos núcleos

Segundo a súa estrutura e morfoloxía, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, ten a consideración de **núcleo rural histórico-tradicional** o lugar de A Cal. Teñen a consideración de **núcleo rural común** os lugares de Barro O Castro, A Torre Vella, Tralasmós e Zamar. Por último, teñen a consideración de **núcleo rural complexo** os lugares de Calvelo, Covas, A Laxe, Lérez, O Outeiral, Parada, Rascadería, O Río Tenorio e Vilanova.

Tipoloxía dos edificios

Entre as construcións tradicionais o máis común son casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos:


- O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e paleiras.
- O segundo tipo, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda.






Poucas vivendas tradicionais están en uso, mais as que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas

novas de dimensións maiores que as tradicionais mestúranse con estas. Con planta de distintas formas a dúas ou tres alturas e cubertas de tella

Como arquitectura singular cabe destacar o Mosteiro de San Pedro de Tenorio que conta cunha igrexa barroca de século XVIII. O claustro do mosteiro é do século XVI, de planta rectangular, e de estilo barroco clásico. No adro hai un cruceiro con base de tres chanzos.

As vivendas de nova construción varían en forma e tamaño, pero pódense asimilar a unha de planta cadrada con anexos, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.






codificación



tipificación do núcleo



elementos catalogados



dotacións e infraestruturas



codificación



NÚCLEO		BARRO		NÚMERO	11.01	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.15	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, núcleo no centro da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes moderadas					
	Poboación	53					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: N-541						
	Estado: Acceso pola estrada N-541. Firme en bo estado, dobre carril, pintada. Vías interiores estreitas en bo estado.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral parcelas de tamaño pequeno e forma irregular, no núcleo, xeralmente rectangular alargada ou cadrada. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares. A ocupación no núcleo tradicional é case do 100% pola vivenda e os auxiliares. Na periferia é moi variable coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As novas construcións teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño, asentado no leste da estrada nacional. Con disposición desordenada e densa onde os accesos e camiños confórmanse entre as parcelas. A edificación e as construcións auxiliares, algunha con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños o na traseira das casas e lixeiramente separadas entre si.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas. O núcleo recente crece o carón da estrada nacional o na periferia da mesma.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, as veces encintado e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra. A maioría das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As vivendas novas, lixeiramente mais abundantes que as tradicionais son de planta cadrada, un o dous andares, cuberta a catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra, soen ter dous claros apoiados sobre cepas, os frontais de pedra e cuberta a dúas augas de tella, colocados nos arredores da vivenda, cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	20		4		14	2	27
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	si	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
	SLE-SA1101	Centro de saúde					2274,35
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	BARRO	NÚMERO	11.01	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)
--------	-------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Barro, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural común.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie bruta NRC(m²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	23	14	62,16	51.949,83	3,46



Fotografía aérea de Barro.

NÚCLEO		A CAL		NÚMERO	11.02	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.15	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, núcleo no centroleste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves a moderadas.					
	Poboación	Sen datos					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío denso.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada PO-406.						
	Estado: Acceso de tamaño medio e con asfalto nun estado bastante bo. Vías interiores estreitas e con asfalto nun estado de conservación variable.						
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, no núcleo. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é media-alta, coas construcións próximas aos camiños en xeral e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior ou frontal soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais soen ter un esquema bastante pechado e unha ocupación maior, pola contra, as de nova construción soen ter unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Existen dous núcleos lixeiramente diferenciado, un a maior cota que o outro, mais baixo e preto a estrada PO-406. A edificación e as construcións auxiliares, sitúanse á beira dos camiños e lixeiramente separadas entre si. O núcleo próximo a estrada ten unha formación mais pechada.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas, este tipo xurde mais próximo a estrada PO-406.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos, pozos e paleiras. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Existe nalgúns casos o peche de pedra con portal. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de abandono. As vivendas novas varían en forma e tamaño, pero predominan as de planta case cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais. Hai varias vivendas con perpiaño en fachada.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra, soen ter un ou dous tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas de tella e acceso á cámara normalmente por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	5		3		2	-	13
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	si	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	A CAL	NÚMERO	11.02	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)
--------	-------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Cal, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural histórico-tradicional.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m ²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	5	0	100	4.528,99	13,25



Fotografía aérea de A Cal.

NÚCLEO		CALVELO		NÚMERO	11.03	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.14, C-3.20	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, núcleo no suroeste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes moderadas.					
	Poboación	112					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada N-541.						
	Estado: Acceso bo, duplo carril e co asfalto en bo estado. Vías interiores estreitas e con asfalto nun estado de conservación variable.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño medio-grande e forma xeralmente cadrada ou irregular, no núcleo. Na periferia, parcelas de tamaño grande e formas irregulares. A ocupación é media, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais, soen ter un esquema máis pechado.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Existen dou pequenos núcleos tradicionais situados a ambos lados da estrada nacional e desprazados ao interior respecto a ela. A edificación e as construcións auxiliares, sitúanse á beira dos camiños e preto unhas das outras, dando lugar a asentamentos lixeiramente compactos.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba situado no núcleo tradicional o preto deles, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas maiores e baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas. Este tipo xurde ao carón da estrada nacional e na periferia do núcleo tradicional.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. - O segundo tipo, de planta rectangular ou en "L", caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra.. Gran parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. Algunha encóntrase en estado de abandono. As vivendas novas varían en forma e tamaño, pero predominan as de planta case cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, cos frontais de pedra, e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas de tella e colocados nos arredores da vivenda e, algunhas veces, sobre o peche cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras		
	49	14	35	6	119		
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeadado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	parcial	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref:	Denominación:					SUP: m ²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	CALVELO	NÚMERO	11.03	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)
--------	---------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Calvelo, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural complexo.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m ²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	10	1	83,33	15.627,29	
SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie bruta NRC(m ²)	2,70
	45	48	48,39	165.737,51	



Fotografía aérea de Calvelo.

NÚCLEO		O CASTRO		NÚMERO	11.04	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.15	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, núcleo no centro-oeste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes moderadas, puntualmente suaves.					
	Poboación	17					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa estrada PO-406.						
	Estado: Acceso de tamaño pequeno-mediano e co asfalto en relativamente bo estado. Vías interiores estreitas, co asfalto deteriorado por zonas.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño medio e grande de forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos tamén de tamaño medio grande e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é baixa ou moderada, coas construcións próximas aos camiños nalgúns casos e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado. No caso da vivenda nova a ocupación tamén e moderada con peches de bloque.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de pequeno tamaño, formado por poucas vivendas tradicionais, sen unha organización concreta mais que a marcada pola topografía e a forma das parcelas. A edificación e as construcións auxiliares, sitúanse indistintamente a beira dos camiños ou no interior da parcela e lixeiramente separadas entre si, formando un núcleo de límites dispersos e pouco denso.					
	Núcleo recente	Observase ampliacións e reformas de vivendas tradicionais de xeito que, apoiándose nestas, constrúese unha parte nova ao lado ou directamente enriba e novas construcións mesturadas coas tradicionais.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, de planta rectangular ou en "L", ten un desenvolvemento máis vertical, maior porte, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotería reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Parte das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As vivendas novas varían en forma e tamaño, pero predominan as de planta case cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior como terrazas, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as palleiras son de pedra e madeira, a cuberta con tella e situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, os frontais de pedra e a cuberta a dúas augas con tella. Están colocados nos arredores da vivenda. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total	Vivenda tradicional	Vivenda nova	Industria / terciario	Outras		
	11	2	9	-	23		
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	parcial	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m ²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	O CASTRO	NÚMERO	11.04	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)
--------	----------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de O Castro, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural común.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie bruta NRC(m²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	12	4	75	25.984,42	4,23



Fotografía aérea de O Castro.

NÚCLEO		COVAS		NÚMERO	11.05	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.15	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, centrooeste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes moderadas e nalgúns casos moi pronunciadas.					
	Poboación	153					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío denso en xeral.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada PO-406.						
	Estado: Amplo acceso co firme en bo estado. Vías interiores de tamaño variable e con asfalto ou formigón en bo estado.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño pequeno ou medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño medio con forma irregular, de tamaño medio con forma rectangular produto da concentración parcelaria e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é moderada, aínda que variable, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e máis as de nova construción teñen unha organización lixeiramente mais aberta.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de mediano-grande tamaño formado por un asentamento bastante denso a ambos lados da estrada principal e arredores o que provoca unha densidade importante de vivendas. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse á beira dos camiños e preto unhas das outras, dando lugar a un asentamento bastante compacto, moitas veces condicionado pola orografía do terreo e as pendentes pronunciadas.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra, de escasa presenza, que ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas. Non existe un núcleo recente relevante.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. - O segundo tipo, e máis frecuente, de planta rectangular ou en “L”, caracterizado por ter un desenvolvemento máis vertical, de maior porte, xeralmente dúas plantas e faiado comunicadas mediante escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. É habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares como alpendres, hórreos e mesmo a vivenda. A maioría das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. Só existen un par en estado de abandono. As vivendas novas, de escasa relevancia, soen ter planta cadrada, baixo e un andar con algún elemento exterior como, balcóns, galerías ou escaleiras, cuberta a dúas ou catro augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres e as paleiras son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, a maioría de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas de tella e colocados nos arredores da vivenda e, algunhas veces, sobre o peche cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (incluíndo galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e case sempre fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	64		30		34	2	159
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado	
	si	veciñal	si	si	si	si	
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref:	Denominación:					SUP: m²
	SLE-SC1101	Casa da Cultura					421,74
	SLV-ZV1103	Campo da Festa					3251,54
	SLE-CP1101	Igrexa Parroquial de San Pedro					1858,98
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM	C-11-01	Cruceiro da igrexa					
	C-11-02	Cruceiro da praza					
	I-11-01	Igrexa parroquial de San Pedro					
	I-11-02	Cemiterio de Tenorio					
	P-11-01	Mosteiro beneditino de San Pedro ou casa reitoral					

NÚCLEO	COVAS	NÚMERO	11.05	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)
--------	-------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Covas, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural común.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m ²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	40	6	86,96	70.167,94	
SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie bruta NRC(m ²)	3,62
	32	33	49,23	100.923,95	



Fotografía aérea de Covas.

NÚCLEO	COVAS	NÚMERO	11.05	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)
--------	-------	--------	-------	-----------	---------------------



Fotografía aérea de Covas.

NÚCLEO		A LAXE		NÚMERO	11.06	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.15	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, núcleo no centroleste da parroquia					
	Topografía	Pendentes pronunciadas.					
	Poboación	127					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-406.						
	Estado: Acceso de tamaño pequeno-mediano e co asfalto en relativamente bo estado. Vías interiores estreitas con tramos onde o asfalto comeza a deteriorarse.						
ESTRUTURA DE PARCELA	En xeral, parcelas de tamaño medio e forma irregular, no núcleo. Na periferia aparecen varios tipos: de tamaño variado e formas irregulares, estreita e alongada produto da fragmentación das anteriores e de gran tamaño de propiedade veciñal. A ocupación é media-baixa, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, xardíns, etc. Na parte posterior soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. As parcelas ocupadas por casas tradicionais con peche de pedra e portal, soen ter un esquema máis pechado ao redor do curral, sen embargo, as que carecen del e as de nova construción teñen unha organización máis aberta e dispersa.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo de tamaño importante organizado segundo a pendente do terreo e a parcelación existente.As vivendas e construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse moitas veces á beira dos camiños e lixeiramente separadas unhas das outras conformando un núcleo de forma irregular e pouco compacto, debido en gran maneira a marcada orografía do terreo.					
	Núcleo recente	Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba, e outra que, xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas. As vivendas de nova construción son pouco significativas neste núcleo.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo, e máis habitual, de planta rectangular ou en “L”, ten un desenvolvemento máis vertical, maior porte, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentaban as construcións auxiliares e mesmo a propia vivenda. A maioría das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. As demais presentan diferentes estados de ruína ou abandono. As vivendas novas teñen planta rectangular, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres, son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas con tella e acceso á cámara normalmente por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e, case sempre, fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova		Industria / terciario
	24		18		8		-
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga		Saneamento	Alumeado público	Recollida lixo	Acceso rodado
	si	veciñal		si	si	si	si
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM		1 Cruceiro					

NÚCLEO	A LAXE	NÚMERO	11.06	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)
--------	--------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de A Laxe, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural complexo.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	18	7	72	33.833,73	
SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie bruta NRC(m²)	4,03
	8	14	36,36	30.690,32	



Fotografía aérea de A Laxe.

NÚCLEO		LÉREZ		NÚMERO	11.07	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL						C-3.14, C-3.15	
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, núcleo no centro-oeste da parroquia.					
	Topografía	Predominio das pendentes suaves con zonas horizontais.					
	Poboación	100					
	Tipo	Aldea nuclear con casarío claro.					
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estrada da rede terciaria que comunica coa N-541.						
	Estado: Acceso amplo e co firme en bo estado.						
ESTRUTURA DE PARCELA	Parcelas de tamaño pequeno ou mediano e forma irregular, xeralmente rectangulares e estreitas no núcleo. Na periferia hai varios tipos: de tamaño medio e formas irregulares e estreita e alongada produto da división das anteriores. A ocupación baixa, coas construcións próximas aos camiños e con espazos intermedios como eiras, etc. A vivenda sitúase o ben cara o camiño o na parte posterior da parcela. Só no núcleo a ocupación e maior nalgúns casos. Soen aparecer terreos de labranza, hortas, etc. A organización das construcións tradicionais nas parcelas segue un esquema pechado ao redor do curral.						
MORFOLOXÍA VIARIO E EDIFICACIÓN	Núcleo tradicional	Núcleo pequeno e bastante compacto organizado arredor dun camiño. A edificación e as construcións auxiliares, algunhas delas rodeadas con peche de pedra e portal, sitúanse nalgúns casos a beira dos camiños e preto unhas das outras, dando lugar a un asentamento bastante compacto.					
	Núcleo recente	Conforma a maioría da extensión do núcleo e sitúase no leste. Organízase a ambos lados do camiño principal que percorre o núcleo. Obsérvanse dúas formas de crecemento: unha que, apoiándose en casas tradicionais, constrúe unha parte nova ao lado ou directamente enriba situado no núcleo tradicional o preto deles, e outra maioritaria que xa sexa no núcleo ou na periferia, ocupa parcelas maiores e baleiras con vivendas e construcións auxiliares novas.					
TIPOLOXÍA EDIFICACIÓN E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Casas de pedra, xeralmente pedra do país, entre as que podemos distinguir dous tipos: - O primeiro, e probablemente máis antigo, de pequenas dimensións, planta rectangular, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras, normalmente dun só andar ou con faiado, de escasa altura total, desenvolvemento principal en planta baixa e cuberta a dúas augas con tella. Ao redor sitúanse alpendres que poden compartir a cuberta coa casa, hórreos e pozos. - O segundo, e máis habitual, de planta rectangular ou en "L", ten un desenvolvemento máis vertical, maior porte, dúas plantas e faiado con escaleira interior, muros de cachotaría reforzados con elementos de maior tamaño nas esquinas e nos ocos de portas e fiestras e cuberta a dúas augas con tella. A planta baixa estaría destinada, antigamente, a cortes e a cociña e a parte alta a vivenda. Soe ser habitual o peche de pedra con portal sobre o que se asentan as construcións auxiliares e mesmo a propia vivenda. A maioría das vivendas tradicionais están en uso, aínda que sufriron algún tipo de reforma ou ampliación con materiais máis modernos. Só un conxunto de vivenda e auxiliares atópase en estado de abandono ou ruína. As vivendas novas teñen planta rectangular, dúas ou tres alturas, cuberta a dúas augas con tella e construída con sistemas construtivos e materiais actuais.						
TIPOLOXÍA CONSTRUCIÓN AUXILIARES E ESTADO DE CONSERVACIÓN	Entre as construcións auxiliares tradicionais que soen acompañar ás casas, os alpendres, son de pedra e madeira e a cuberta con tella, situados ao lado da vivenda ou lixeiramente separados, sufrindo reformas recentes a meirande parte deles e case sempre na cuberta. Os hórreos, tamén de pedra e madeira, soen ter dous tramos apoiados sobre cepas, cos frontais de pedra, e os costais de madeira ou pedra, cuberta a dúas augas con tella e acceso á cámara normalmente por un lateral, colocados nos arredores da vivenda e cun estado de conservación bo en xeral. As construcións auxiliares novas (galpóns, almacéns, garaxes, etc.) foron feitas empregando materiais novos como ladrillo, bloque, formigón, chapa metálica e, case sempre, fibrocemento sobre viguetas de formigón para as cubertas.						
Nº EDIFICACIÓNS	Vivenda total		Vivenda tradicional		Vivenda nova	Industria / terciario	Outras
	42		10		33	-	109
SERVIZOS EXISTENTES	Electricidade	Auga	Saneamento	Alumeadado público	Recollida lixo		Acceso rodado
	si	veciñal	si	si	si		si
EQUIPAMENTOS E ESPAZOS LIBRES	Ref.	Denominación					SUP: m²
	SXE-DC002						7077,29
	SXE-DC004						3378,77
	SXE-DC003						7026,81
	SXE-DP002						2088,98
	SXE-DP003						1345,24
CATÁLOGO DE PATRIMONIO PXOM							

NÚCLEO	LÉREZ	NÚMERO	11.07	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)
--------	-------	--------	-------	-----------	---------------------

CRITERIOS DE DELIMITACIÓN DE NÚCLEO

A estrutura e morfoloxía do lugar de Lérez, así como a proporción e distribución das vivendas tradicionais e de nova construción, lévanos a outorgarlle a clasificación de núcleo rural común.

SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRHT	Parcelas edificables NRHT	Consolidación (%)	Superficie bruta NRHT(m ²)	Densidade de vivendas (viv/Ha)
	11	3	78,57	15.991,72	
SUPERFICIE E CONSOLIDACIÓN	Parcelas edificadas NRC	Parcelas edificables NRC	Consolidación (%)	Superficie bruta NRC(m ²)	2,28
	36	37	49,32	172.631,10	



Fotografía aérea de Lérez.

NÚCLEO	LÉREZ	NÚMERO	11.07	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)
--------	-------	--------	-------	-----------	---------------------



Fotografía aérea de Lérez.

NÚCLEO	O OUTEIRAL	NÚMERO	11.08	PARROQUIA	TENORIO (SAN PEDRO)	
IDENTIFICACIÓN NO PLANO DE ORDENACIÓN MUNICIPAL				C-3.15		
TIPOLOXÍA NÚCLEO	Situación	Parroquia no suroeste do Concello, núcleo no centro-leste da parroquia.				
	Topografía	Predominio das pendentes pronunciadas.				
	Poboación	Sen datos				
	Tipo	Aldea nuclear con casarío denso.				
VÍAS DE COMUNICACIÓN	Tipo: Estradas da rede terciaria que comunican coa PO-406.					
	Estado: Acceso de tamaño medio e co estado de asfalto variable segundo os tramos. Vías interiores estreitas.					
